



2014.gal

Axenda Dixital de Galicia

Balance 2009-2011



Índice

1.Introdución

2. Balance 2009-2011

2.1 Cohesión social e equilibrio territorial

2.2 Administración eficiente e austeria

2.3 Dinamización económica, crecemento e emprego:
Economía do coñecemento

3. Orzamento



Que é a Axenda

A estratexia do Goberno Galego, para o período 2010-2014, para dar resposta ao investimento axeitado en materia TIC, maximizar o seu potencial social e económico e incrementar a calidade de vida e benestar dos cidadáns.

Metas da Axenda para o 2014

- Modernización da Administración para facela máis eficiente e para achegala á sociedade
- Promover a competencia dixital da poboación como base para o emprego, a cohesión social e a calidade de vida
- Conseguir unha economía sustentable e integradora, cambiando o modelo produtivo e utilizando as TIC como panca
- Converter ao hipersector TIC en estratéxico de futuro e tractor do resto de sectores chave para Galicia
- Despregar infraestruturas de telecomunicación para vertebrar o territorio, así como catalizar a innovación e captar investimento

Converxencia europea

2014.gal está integrada na Plan Estratéxico Galicia 2010-14 que promove a converxencia de Galicia con Europa, ao tempo que está aliñada coa “*Digital Agenda*” da UE



Índice

1.Introdución

2. Balance 2009-2011

2.1 Cohesión social e equilibrio territorial

2.2 Administración eficiente e austera

2.3 Dinamización económica, crecemento e emprego:
Economía do coñecemento

3. Orzamento



As infraestruturas de telecomunicación, un elemento de

Vertebración territorial

Plan de Banda Larga (PDBL)

- Plan plurianual para o período 2010-2013
- A cobertura de banda larga ampliouse a 458.000 persoas case o 60% da existente a finais do 2009
- As redes de nova xeración (100 Mbps) xa chegan a máis de 1 millón de galegos
- Posibilitou o acceso a case o 70% dos servizos públicos e máis do 70% parques empresariais con carencias de cobertura
- O investimento público-privado realizado acadou os 87,5 millóns de euros (M€) entre axudas e investimento dos operadores
- Redución da fenda de cobertura de 20 a 5,5 puntos entre as provincias de Lugo-Ourense e as atlánticas
- O incremento de cobertura no período, 34,7% respecto a 2009, supera á media estatal e europea

Rede de emerxencias

- No 2013, Galicia xestionará unha rede dixital de emerxencias, segundo o acordo entre a Xunta e red.es
- O investimento total será de 6,5 millóns
- Cubrirá o 80% do territorio e o 85% da poboación
- Beneficiará a uns 5.000 usuarios entre policía, bombeiros, protección civil, etc.



- Operador público de telecomunicacións clave para o despregue da TDT, da banda larga e na provisión de liñas e torres onde non chegan outros operadores

Normativa

- Elaborado o anteproxecto de Lei de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicación de Galicia



As TIC, unha ferramenta para a inclusión social dos galegos

Inclusión dixital

CeMIT

- A Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica (CeMIT) iniciouse no 2011, con 98 aulas en 92 concellos
- No 2011 desenvolveu máis de 2.110 actividades con case 10.200 usuarios e 18.000 horas de formación
- O Plan de formación do 2012 triplicará o número de actividades e duplicará o número de usuarios.
- Conta con 17 novos cursos, 9 en formato on-line e establece itinerarios formativos para orientar á cidadanía dun xeito máis efectivo



Voluntariado Dixital

- Iniciativa de alfabetización dixital integrada no Plan de Voluntariado Galego
- Suma solidariedade individual (133 voluntarios), responsabilidade social das empresas (57 entidades) e aproveitamento das infraestruturas públicas
- O Plan do 2012 contempla a oferta de alfabetización a 3.500 persoas maiores e a 8 federacións de persoas con discapacidade



Unha administración capaz de facer máis con menos

Unha administración eficiente e austeras

Sede Electrónica



- Administración accesible 24*7
- Máis de 200 trámites con presentación telemática (16% do total), fronte ao 4% antes do inicio do Plan de Modernización
- Obxectivo para o 2012 chegar ao 95%



- Sistema de presentación e tramitación do pago de facturas
- 25% das facturas no 2011

SiLEX

- Sistema de licitación electrónica, comezou en abril-2011
- Case 15% dos procesos de licitación

Normativa

- Publicado o decreto que establece o marco xurídico do sistema único de rexistro

Identidade dixital corporativa KRONOS

- Identificación dixital, sinatura de empregado público
- Preto de 1.400 tarxetas distribuídas



- Diario oficial en formato dixital dende o 2 de maio do 2011
- Aforro de máis de 1,1 millóns de euros co abandono da versión papel



Unha estratexia na rede:

Imaxe única na presenza en Internet

Coordinación da presenza en Internet

- Decreto 201/2011 que regula a presenza da Administración en Internet, publicado en outubro
- Segunda comunidade en contar cunha norma deste tipo
- Aposta polo Goberno Aberto
- Transparencia informativa
- Aborda a reutilización de datos en poder do sector público e impulsa o movemento OpenData
- Espazo máis intuitivo e sinxelo, pasando dun modelo de información institucional a un modelo de información e servizos orientado ao cidadán
- Organización temática e por colectivos
- Estandares de accesibilidade (3º no ranking de CCAA)
- Mellora a atención ao cidadán, multicanle
- Visitas no 2011, máis de 12 millóns, un 4,7% superior ao ano 2010 e con visitantes de 114 países

WEB 2.0



Participación cidadá

- Redes sociais: 101 canles
- Seguidores (Facebook e Twitter)
 - Portal corporativo, 8.000
 - Total, case 145.000





As tecnoloxías da información e a comunicación base da

Mellora dos servizos públicos

Sanidade



- A historia clínica dixital (IANUS) é o elemento común sobre o que se desenvolven a receita electrónica, a imaxe dixital, e a telemedicina
- O 100% do persoal sanitario pode acceder a IANUS, e o 97% dos centros de saúde teñen banda larga
- O 93% das receitas son electrónicas, 78 puntos máis que no 2009, o que supón reducir en 2 millóns o número de citas médicas
- No 2011 xa se realizaron 2,16 millóns de citas médicas por Internet, un formato que utiliza o 21% dos cidadáns
- O sistema de imaxe dixital supón un aforro de 2,7 millóns de euros anuais
- A Escola de Saúde para cidadáns, realizou no 2011, uns 80 talleres, 17 foros e 15 diálogos con 3.500 participantes

Xustiza



- Plan Senda 2014, plan para dotar de equipamento e maior eficacia as oficinas xudiciais, xa leva investidos 10,3 M€
- Renovación de equipamento, case 2.000 ordenadores, sistemas de videoconferencia e de gravación nas salas de vistas, así como das liñas de telecomunicacións e servizos de respaldo.
- Dixitalización completa dos rexistros civís (45) e parcial de xulgados de paz
- Posta en marcha da aplicación Infoereg (270 xulgados de paz)
- Implantación moi avanzada do sistema de notificacións electrónicas LEXNET, un millón de comunicacións no 2011 na provincia da Coruña
- Dotación de sistemas aos 109 profesionais do IMELGA para o traballo forense
- Case 800 actuacións formativas con preto de 4.000 usuarios





As tecnoloxías da información e a comunicación base da

Mellora dos servizos públicos



Proxecto Abalar

- Proxecto para a implantación das TIC na práctica diaria na escola, educar nativos dixitais
- Comezou no 2010, agora está implantado en 370 centros; máis de 1.400 aulas, 784 no 2011, e por riba de 31.600 alumnos
- Para garantir o éxito do proceso recibiron formación 400 coordinadores e 8.000 profesores, con 20.000 horas de formación
- En paralelo, púxose en marcha un programa de 626 kits de Aula Dixital para centros non Abalar
- O EspazoAbalar, punto de encontro entre familias, titores e centros, recibiu no 2011, máis de 415.000 visitas tamén conta con 900 recursos educativos que tiveron 340.000 descargas
- Promove a creación de contidos dixitais dende a propia comunidade e creouse a Aula Virtual Aberta para a aprendizaxe das ferramentas de edición



TIC e benestar

- O proxecto TIC-TAC ten instalado equipamento específico en 160 aulas, con case 200 kits operativos
- Instalado un servizo de videointerpretación para persoas xordas nos rexistros da Xunta
- Galicia é a segunda comunidade que facilita a prestación, máis de 84.000 persoas xordas beneficiaríanse do servizo



Formación empregados públicos

- Dende o 2010 impartíronse máis de 2.000 cursos con 46.000 horas
- Publicouse o decreto de competencias dixitais
- Un estándar á hora de avaliar o nivel de competencia en ofimática e será válido para a acreditación en instancias públicas



Unha política tecnolóxica única

Axencia para a Modernización Tecnolóxica

- Decreto 252/2011 de creación e posta en marcha da Axencia
- A mesma dirección para os 588 tecnólogos da Xunta, no 2012 integrará ao persoal TIC das Consellerías
- Aforros de 20 millóns anuais, un 40% menos de espazo, un 20% nos custos e a supresión de 15 departamentos administrativos
- Sistema centralizado de compra tecnolóxica (un 37% menos no custo de licenzas e 4 millóns en servizos de telecomunicacións)
- Aforro anual de 1,7 M€ pola negociación conxunta das liñas telefónicas non integradas na rede corporativa



Centro de Proceso de Datos

- Creado no 2010, vaise pór en marcha no primeiro semestre do 2012 na Cidade da Cultura
- Integrará as funcións dos 80 CPD existentes en Galicia
- Suporá un importante aforro, tanto en espazo como en mantemento e enerxía, estimada nun 27% do gasto actual dos CPD
- No 2011, ademais das obras realizáronse protocolos ante incidencias físicas e telemáticas e estanse implementando tanto solucións de liñas de respaldo como de backups nou-tros lugares



Unha administración capaz de facer máis con menos

Unha administración eficiente e austeras

FLOSS

- O Plan anual promove, o desenvolvemento do software libre na administración e dun subsector empresarial neste ámbito forte e capaz de dar respostas as necesidades da sociedade
- Case 1,7 M€ nos dous últimos anos para promover preto de 120 actuacións
- Elaborado un catálogo de produtos e servizos para o comercio electrónico
- No 2011, Galicia incorporouse ao CENATIC, un acordo para promover o coñecemento e difusión do software libre na administración e nos diferentes sectores produtivos
- Realizaronse convenios coas asociacións galegas de usuarios, universidades e empresas do sector



OSIMGA

- Cadro de seguimento de 300 indicadores da sociedade da información
- O sistema de indicadores está incluído no III Plan Galego de Estatística
- Realiza análises, estudos, informes. 17 no ano 2011
- Participación en 7 eventos e colaboración con 20 entidades
- A web recibiu 35.000 visitas e o boletín conta con 1.800 subscritores



Dinamización económica, crecemento e emprego:

A aplicación das TIC no tecido empresarial

Centro Demostrador



- Punto de encontro entre a oferta e a demanda tecnolóxica, inaugurouse en xuño do 2011
- Máis de 20 solucións tecnolóxicas presentadas, con case 230 asistentes ás súas actividades
- Inclúe o mapa de capacidades tecnolóxicas de Galicia, mapaTIC.gal, un escaparate web conta xa con 130 provedores e case 300 solucións

Compra Pública de Tecnoloxía Innovadora

- Elaborouse o Mapa de Capacidades Tecnolóxicas de Galicia no ámbito sociosanitario, que recolleu 162 proxectos de 43 axentes
- Como resultado vanse desenvolver 2 proxectos: INNOVA-saúde e Hospital 2050, dotados con 90 M€

Impulso económico



- No 2010-2011, cunha achega de 86 M€ da Xunta mobilizáronse en total máis de 204 M€ para potenciar o sector da economía do coñecemento e a empresa dixital. Un total de 1.400 proxectos de natureza tecnolóxica relacionada coas TIC
- Activouse o Fondo I2C, capital risco de 20 M€ para empresas de base tecnolóxica
- No 2011, aprobouse o Programa FEDER-Innterconnecta, cunha subvención pública de 30 M€ para fomentar o I+D e a cooperación pública-privada en áreas tecnolóxicas estratéxicas para Galicia, que mobilizarán 60 M€



Dinamización económica, crecemento e emprego:

A aplicación das TIC no tecido empresarial

Transporte



- No 2011 púxose en marcha o Plan de Transporte Metropolitano, cun compoñente fundamental: unha tarxeta electrónica
- 75.000 persoas conta coa nova tarxeta de transporte, que aporta vantaxes no custo dos viaxes: nos transbordos e na recurrencia.

Mundo rural



- O Oficina Agraria Virtual (OAV) púxose en marcha no 2010 e pasou de 30.000 visitas no 2010 a 560.000 no 2011 para a xestión das explotacións gandeiras
- Permite o rexistro e identificación das reses, nacemento, venda, duplicados de crotais, etc

Mundo do mar



- Terminais intelixentes (31) instalados nos portos de Galicia para obter os documentos de acuicultura e primeira venda
- Dixitalizouse o rexistro de buques con porto base en Galicia
- Portos de Galicia, vai por en marcha unha sede electrónica

Turismo



- Central de reservas on-line, para os establecementos rurais galegos (340 casas)
- Uso intensivo das redes sociais: Facebook, Twitter, blog, RSS, etc.



Índice

1. Introducción

2. Balance 2009-2011

2.1 Cohesión social e equilibrio territorial

2.2 Administración eficiente e austera

2.3 Dinamización económica, crecemento e emprego:
Economía do coñecemento

3. Orzamento



Principais datos orzamentarios

- Orzamento de máis de 660 millóns de euros (M€) no período 2009-2011
- Investimento, gasto e liñas de axudas da Xunta de Galicia de máis de 506 M€ e case 154 de investimento inducido nas empresas como resultado das axudas
- Destaca a liña de infraestruturas de telecomunicacións, con case de 150 M€ dos que 87,5 M€ corresponden ao Plan Director de Banda Larga
- As liñas de apoio ao sector TIC e de implantación das TIC nas empresas contaron con case 230 M€, dos que 105 corresponden ao investimento privado
- As liñas de maior orzamento son as relacionadas cos servizos públicos, unha administración intelixente e eficiente, con 243 M€, nos que se atopan a Administración electrónica e a aplicación das TIC na sanidade, na xustiza

Liñas Estratéxicas	Orzamento Executado Total
L1- Administración intelixente	243.377.717 €
L2- Administración eficiente	
L3- Cidadanía dixital	36.811.911 €
L4- Transforma TIC	131.110.558 €
L5- Economic-IT	98.547.442 €
L6- InfraTeleCom	149.476.345 €
L7-Medidas instrumentais	913.262 €
Total	660.237.235 €

2014.
gal

AXENDA
DIXITAL
DE GALICIA